🏡 fuera de casa

programado ☒ manual

[← volver](#)

lunes

martes

miércoles

jueves

viernes

sábado

domingo

	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23
Noche																								
Fuera																								
En casa																								

☐ usar para todos los días de la semana

guardar

limpiar

Para finalizar, garda os cambios que fagas. Ten en conta que debes ter seleccionada a opción programada para que o horario que configures funcione.

Os modos aparecerán sombreados na páxina de inicio e non poderás seleccionar ningún. Cambiarán automaticamente.

5.11. Regras e avisos: personaliza 3ollos R para saber se todo está ben.

Grazas á personalización de regras podes saber se a persoa que coida dos teus pais chegou a casa a tempo ou se os nenos volveron do cole á súa hora. Tamén, poderás saber se o consumo eléctrico é elevado, se hai fume ou se se detectou movemento na casa mentres non estabas.

Para crear unha regra, pulsa en "configurar" na páxina de inicio.



Utiliza os filtros que atoparás na sección: configurar > regras para seleccionar o tipo de regra que queres crear.

configuración

reglas

A screenshot of the 'reglas' (rules) configuration screen. It features three dropdown menus for filtering rules: 'Haz algo por mi', 'Por uso (Todos)', and 'Enchufe'. These three dropdowns are enclosed in a red rectangular box. Below the dropdowns, there is an orange button with a plus icon and the text 'añadir nueva regla'.


Contas con tres tipos de filtro:

- **filtro por acción:** podes dicirle a **3ollos R** que che mostre as regras que serven para que o servizo actúe por ti, do tipo “acende un enchufe a unha hora”. Ou podes indicarlle as regras para que avise, como “avísame se se abre a porta de casa”.
- **Filtro por uso:** podes dicirle a **3ollos R** que che mostre as regras que mellor se adaptan a nenos, maiores ou mascotas. Tamén, poderás filtrar por regras de confort como “acende un deshumidificador se a humidade relativa é alta” ou de tranquilidade, como “avísame se se detecta movemento na casa cando non estou”.
- **Filtro por equipo:** podes dicirle a **3ollos R** que che mostre as regras que afectan a un sensor, medidor ou cámara en concreto.

Despois, pulsa en "engadir nova regra".

configuración

reglas



Haz algo por mi ▼ Por uso (Todos) ▼


Enchufe ▼

+ añadir nueva regla

Selecciona a regra que máis se adecúe ás túas necesidades e configúraa.

configuración

reglas



Haz algo por mi ▼ Por uso (Todos) ▼

Enchufe ▼

regla

Apaga un enchufe si no se usa a una hora determinada × ▼

Selecciona enchufe

lámpara mesilla × ▼

Consumo en W

40 ▼

Selecciona hora

01:00

Selecciona días en los que la regla está activa

☒ lunes ☒ martes ☒ miércoles ☒ jueves ☒ viernes ☒ sábado ☒ domingo

☒ Avisame

aceptar cancelar

Para finalizar, garda os cambios realizados.


Parabén, configuraches a túa primeira regra!

Agora a regra aparecerá activa na páxina de configuración. Tamén podes vela no detalle do sensor ao que aplique.

5.11.1. Desactiva unha regra.

Ademais de crear regras, podes desactivalas, modificalas ou borrarlas definitivamente.

Se queres deixar de usar unha regra durante unha tempada, podes desactivala. Para facelo, pulsa no botón vermello que atoparás ao comezo da descrición de cada regra.




A cor vermella indica que a regra está activa. No momento que pulses o botón desactivarase e marcarase en cor gris.

5.11.2. Modifica unha regra.

Podes cambiar os parámetros das regras que queiras. As regras non poden modificarse se non están activas, así que antes de tentar cambiala asegúrate de que o botón que está ao comezo da regra está de cor vermella. Se está de cor gris, pulsa enriba para activala.

Para modificar a regra, pulsa na frecha que atoparás ao final da descrición de cada regra.




Modifica os parámetros que creas convintes e pulsa en gardar.

5.11.3. Borra definitivamente unha regra.

Podes borrar definitivamente unha regra. As regras non poden borrarse se non están activas, así que antes asegúrate de que o botón ao comezo da regra está de cor vermella. Se está de cor gris, pulsa enriba para activala.

Para borrar a regra, pulsa na frecha que atoparás ao final da descrición de cada regra e pulsa o botón borrar regra.



As regras que borres, non se poden recuperar. Se queres volver utilizar unha regra que eliminaches, a tes que volver a crear.

5.12. Consulta os teus eventos de 3ollos R.


Un evento é calquera aviso programado cunha regra ou unha acción, por exemplo, avisame se se acende a tele dos nenos a unha hora indebida ou grava o que estou a ver agora mesmo.

Tamén fai referencia a calquera anomalía que o propio sistema detectase en si mesmo. Por exemplo, perdeuse a conexión co concentrador ou o nivel de batería dun sensor é moi baixo.

Na páxina principal de **3ollos R** podes ver un resumo dos últimos eventos e avisos rexistrados. Pulsando en “ver eventos por un día” poderás consultar o histórico de eventos e avisos.



Selecciona no calendario un día e utiliza os filtros marcados en vermello para facilitar a procura do evento que buscar. Podes filtrar por eventos con gravación ou por sensor.



5.12.1. Descarga os teus eventos.

Podes descargar en formato CSV todos os eventos que se produciron nun día.

Para facelo, escolle un día no calendario. Utiliza os filtros para seleccionar os eventos que máis che interesan e pulsa en “descargar eventos”.

5.13. Acende e apaga un enchufe.

Para acender e apagar un enchufe, accede á páxina **3ollos R**.

Escolle o enchufe que queiras acender ou apagar e pulsa o botón marcado en verde.



A cor verde indica que o enchufe está aceso. No momento que pulses o botón apagarase e marcarase en cor gris. Para volver acendelo, pulsa outra vez o botón.

Tamén poderás acendelo ou apagalo pulsando no botón acciones > acender ou apagar.

Podes configurar regras para que os enchufes acendan a unha hora, nun modo en concreto, cando anoiteza...

A web de **3ollos R** dirache en cada momento se o enchufe está aceso ou apagado e canto tempo leva nese estado.

5.14. Pon o consumo dun enchufe intelixente a 0 e descobre canto consome un electrodoméstico.

As medidas do enchufe como a potencia vai dando a información de forma acumulada. Se queres saber canto consome un novo electrodoméstico que compraches ou canto consomen as novas lámpadas, debes poñer a cero o consumo dun enchufe.

Para facelo, pulsa en “acción” na caixa do enchufe que queiras poñer a cero. Despois, pulsa en “poñer a 0 consumo”.



5.15. Compara as medidas do medidor de cadro coa factura da luz.

Con **3ollos R** podes comparar o consumo que rexistrou o teu medidor de cadro coa factura da luz.

Para facelo, na páxina de inicio, pulsa en "accións" na caixa do medidor. Despois, pulsa en "poñer a 0 consumo". Realiza esta acción o mesmo día que se inicie o ciclo de facturación.

5.16. Establece a temperatura do termóstato intelixente na web.

con **3ollos R** podes acender a calefacción esteas onde esteas. Para facelo, desprázate pola barra horizontal marcada en vermello.



Unha vez marcada a temperatura, **3ollos R** abrirase unha fiestra para que decidas durante canto tempo queres mantela.



Tes dúas opcións:

- Pulsando “sempre”, manterás a temperatura que seleccionaches de maneira indefinida.
- Pulsando “durante un tempo...”, manterás a temperatura que seleccionaches o tempo que ti elixas. Utiliza os botóns: + - para marca a duración. Unha vez finalizado o tempo que estableceses, o termóstato volverá á temperatura que tiveses marcada anteriormente.

O cambio de temperatura de maneira manual non é inmediato. O termóstato pode tardar ata 5 minutos en recibir a notificación do cambio.

A temperatura seleccionada aparecerá marcada no centro do termóstato. Mentres que, na parte superior esquerda, verás tamén a temperatura á que estás en cada momento.



Nese mesmo cadro, tamén verás cantos graos centígrados faltan para alcanzar a temperatura desexada.



Se non queres estar pendente de fixar a temperatura do termóstato, podes programalo.

Para facelo, pulsa enriba da temperatura marcada. Despois escolle o modo: “programado”



Finalmente, desprázate cara abaixo para configurar en “programación” a temperatura do termóstato ao teu gusto.

O funcionamento é sinxelo. Marca a temperatura máxima que queres alcanzar durante distintos días e horas concretas. O resto do horario manterá a temperatura anterior ata que haxa un cambio. Por exemplo, se o luns ás 06:00 fixas a temperatura a 19°C e ás 10:00 fixas a temperatura a 17°C, entre as 06:00 e as 10:00 a temperatura establecida será

19°C. Con cor vermella indícanse os momentos nos que se produce un cambio de temperatura.



programación

	lun.	mar.	mié.	jue.	vie.	sáb.	dom.
00:00	29 °C	29 °C	20 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C
00:30	29 °C	29 °C	6 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C
01:00	29 °C	29 °C	6 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C
01:30	29 °C	29 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C	29 °C
02:00	29 °C	29 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C	29 °C
02:30	29 °C	29 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C	29 °C
03:00	29 °C	29 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C	29 °C
03:30	29 °C	29 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C	29 °C
04:00	29 °C	29 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C	29 °C
04:30	29 °C	29 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C	29 °C
05:00	29 °C	29 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C	29 °C
05:30	29 °C	29 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C	29 °C
06:00	29 °C	29 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C	29 °C
06:30	29 °C	29 °C	6 °C	20 °C	20 °C	29 °C	29 °C

Se fixas a temperatura desde o equipo e non desde a web...

Se fixas a temperatura do termóstato dende o equipo e non dende a web, notificarase que o termóstato foi manipulado e que cambiou a temperatura. A nova temperatura estipulada prevalecerá sobre calquera acción establecida na *app* e manterase así durante unha hora. Pasada esa hora:

- se o termóstato estaba en modo manual por tempo indefinido, a temperatura elixida desde o equipo físico substituirá á temperatura establecida desde a *app/web*.
- se o termóstato estaba en modo manual por tempo definido (unha hora, dúas horas...), a temperatura establecida desde o equipo físico estará activa como mínimo unha hora, e se pasada esa hora aínda quedase tempo do establecido por ti, a temperatura fixada dende o equipo físico, manterase ata que finalice o tempo que decidiches.
- se o termóstato estaba en modo programado, transcorrida unha hora, o termóstato volverá á temperatura programada.

Se queres apagar o termóstato...

O termóstato intelixente non ten un botón de apagado como tal. Só fixa a temperatura. Se a temperatura establecida é menor que a temperatura ambiente, non entrará en funcionamento. En caso contrario, actuará. A temperatura mínima que se pode programar é 5° C e a máxima 30° C. O equivalente para “apagar” o termóstato, é fixar a temperatura a 5° C.

5.17. Notificacións: recibe avisos no teu móbil ou no teu correo electrónico.

Podes recibir avisos no teu móbil e no teu correo electrónico. Así saberás ao momento se abriu a porta de casa, se hai fume ou unha fuga de auga. Tamén poderás recibir un vídeo cando se abra a porta e non esteas ou cando se detecte movemento a unha hora determinada.

5.17.1. Configura notificacións o teu correo electrónico

Por defecto recibirás avisos na conta de correo electrónico que lle facilitaches a **R** como cliente. Se queres editar ou engadir máis contas de correo, accede a "configurar" na páxina de inicio.



Na sección contacto para notificacións, pulsa "engadir contacto" para agregar as direccións de correo que ti queiras.

configuración

reglas

Por tipo de acción (Todas) ▼ Por uso (Todos) ▼
Por sensor (Todos) ▼

+ añadir nueva regla

- ☒ envíame un mensaje con la energía consumida por *lámpara mesilla* al final de mes ▼
- ☐ enciende *lámpara mesilla* cuando se abre *puerta cuarto juego* y apágalo después de 5 minutos ▼
- ☒ cuando hay movimiento en *monitorización sala juegos* y el modo es *fuera de casa*, graba un vídeo con *salita de juegos* y envíamelo ▼
- ☒ envíame un mensaje con la energía consumida por *tv* al final de mes ▼
- ☒ cuando se abre *puerta cuarto juego* y el modo es *en casa, noche, fuera de casa*, graba un vídeo con *salita de juegos, puerta salita de juegos* y envíamelo ▼
- ☐ enciende y apaga *lámpara mesilla* simulando presencia entre las 15:15-16:00 ▼
- ☒ avísame si hay movimiento en *monitorización sala juegos*, los *lun, mar, mie, jue, vie, sáb, dom* entre las 09:00-11:00 ▼
- ☒ avísame si *puerta cuarto juego* queda abierta más de 5 minutos los

solicitud de soporte

para permitir que nuestro soporte técnico se conecte a tu servicio, pulsa el botón

🔧 permitir acceso

programación del modo

define los días y horas en los que estará activo cada modo

📅 programación del modo

contactos para notificaciones

estos son tus contactos para recibir avisos y notificaciones de **R**. Puedes cambiarlos en [la web de clientes](#)

☐ casa@mundo-R.com

estos son tus contactos adicionales. Puedes añadir o eliminar los que necesites

☒ ana@mundo-R.com 🗑️

+ añadir contacto

Escribe a dirección de correo electrónico na que queres recibir os avisos e pulsa gardar.

5.17.2. Desactiva ou elimina un contacto para que deixe de recibir notificacións por correo electrónico.

Se queres desactivar as notificacións para un contacto. Pulsa na sección "contactos para notificacións", o botón vermello que está diante da dirección de correo electrónico.

contactos para notificaciones

estos son tus contactos para recibir avisos y notificaciones de **R**. Puedes cambiarlos en [la web de clientes](#)

☐ casa@mundo-R.com

estos son tus contactos adicionales. Puedes añadir o eliminar los que necesites

☒ ana@mundo-R.com 🗑️

+ añadir contacto

A cor vermella indica que se enviarán avisos a esa dirección de correo electrónico. No momento que pulses o botón desactivarase o envío e marcarase en cor gris.

5.17.3. Configura notificacións no teu móbil.

Para recibir avisos no teu móbil, tes que instalar a *app* de **3ollos R**. De momento, só está dispoñible para terminais Android e en breve, para iOS. Se queres saber máis, consulta o punto “[App 3ollos R](#)” deste manual.

Se queres que a túa familia reciba notificacións ao móbil, terán que descargarse a *app* de **3ollos R** e acceder cun usuario delegado.

5.17.4. Desactivar un contacto para que deixe de recibir notificacións no móbil.

3ollos R non che permite configurar números de teléfono para que reciban avisos no móbil. Pero si podes desactivar un contacto para que deixe de recibir notificacións no móbil.

Para facelo, pulsa, na sección “notificación a dispositivos”, o botón vermello que está diante do nome do dispositivos.

notificación a dispositivos

☐ Paula

☒ Patricia


A cor vermella indica que se enviarán avisos a esa dirección de correo electrónico. No momento que pulses o botón desactivarase o envío e marcarase en cor gris.

5.18. Permite acceso remoto a 3ollos R se tes unha incidencia.

Se tes problemas con calquera dos teus sensores, medidores ou cámaras, desde **R** é posible revisar a incidencia de forma remota. Para iso, é necesario que permitas a un dos nosos técnicos acceder **3ollosR.mundo-R.com**. O acceso terá unha duración máxima dunha hora e poderás cancelalo cando queiras pulsando o botón “denegar acceso”.

3ollos R é un servizo seguro e cifrado. Non poderemos ver as gravacións ou medidas rexistradas polos teus sensores salvo que ti o permitas.

Para permitir acceso, pulsa “configurar” na páxina principal de **3ollosR.mundo-R.com**



Para finalizar, pulsa “permitir acceso” na sección solicitude de soporte.

configuración

reglas

+ añadir nueva regla

- ☒ envíame un mensaje con la energía consumida por *lámpara mesilla* al final de mes ▼
- ☐ enciende *lámpara mesilla* cuando se abre *puerta cuarto juego* y

solicitud de soporte

para permitir que nuestro soporte técnico se conecte a tu servicio, pulsa el botón

[permitir acceso](#)

programación del modo

define los días y horas en los que estará activo cada modo

[programación del modo](#)

5.19. Xestiona os teus sensores: engade e elimina sensores á rede Z-Wave.

Con **3ollos R** podes engadir ou eliminar sensores da rede Z-Wave se o necesitas. **R** instala todos os sensores, medidores e cámaras que necesites, pero se decides compralos e instalalos pola túa conta, non poderemos ofrecerte soporte.

Para engadir ou eliminar un sensor, pulsa “configurar” na páxina principal de **3ollosR.mundo-R.com**

The screenshot shows the main interface of the 3ollos R application. At the top, there are tabs for 'en casa', 'noche', and 'fuera de casa'. Below these, there are buttons for 'grabaciones', 'ver eventos por día', and 'configurar' (highlighted with a red box). The main content area shows a list of events, including 'Grabación manual realizada a las 11:34 - 24/10/2016', 'Se ha encendido lámpara mesilla a las 11:29 - 24/10/2016', and 'Se ha abierto puerta cuarto juego a las 11:27 - 24/10/2016'. Each event has a timestamp and a 'hace 2 horas' label.

Despois, pulsa “engade ou elimina sensores” na sección xestión de sensores.

- ☒ detecta que la luz es inferior al 25%, los *lun, mar, mie, jue, vie, sáb, dom* entre las 06:57-08:27 ▼
- ☒ avísame cada vez que se abre *puerta cuarto juego* ▼
- ☒ avísame si están a punto de saltar los plomos porque el consumo en *cuadro eléctrico* supera los 30 a ▼


gestión de sensores

puedes añadir o eliminar sensores a través del siguiente enlace:

[añade o elimina sensores](#)

Se desexas engadir un novo sensor pulsa “engadir sensores”. Se desexas volver engadir un sensor que xa tes, asegúrate de que os borrou primeiro. Pola contra, pulsa “eliminar sensores”, se desexas borrar un sensor.

Ao pulsar os botóns “engadir sensores” ou “eliminar sensores”, a rede Z-Wave estará lista para incluír ou borrar equipos e mostrarase a seguinte mensaxe.



Se finalmente decides non facer cambios na túa rede Z-Wave, pulsa “cancelar”.

Agora que a rede está lista para engadir ou borrar sensores, consulta para cada sensor onde se atopa e como pulsar o botón Z-Wave.

Se o que queres é engadir, unha vez pulsado o botón Z-Wave do sensor, queda ligado á rede e aparece na web de xestión de sensores como "pendente de activar". Pulsa “activar sensor”, ponlle un nome e garda os cambios. O sensor aparecerá na páxina principal de **3ollos R**.

Se pola contra, o que desexas é eliminar o sensor. Pulsa “eliminar dispositivo”. O sensor desaparecerá da páxina principal de **3ollos R**.

Borrar un sensor da plataforma de **3ollos R** non implica a baixa do equipo, se non que desaparece da plataforma. Consulta as condicións do servizo no contrato de **3ollos R**. Podes descargalo na web de descarga de documentos de **clientes.mundo-R.com**

6. Dispositivos 3ollos R.

Estes son todos os dispositivos que podes utilizar con **3ollos R**:

6.1. Multisensor 4 en 1: presenza, humidade relativa, temperatura e luminancia.

Este sensor rexistra medidas de humidade relativa, temperatura e luminancia nun espazo determinado. Ademais, ten a capacidade de detectar movemento e reportar cal é o seu nivel de batería.

6.1.1. Características.

- Dimensións: 75x60 mm
- Peso: 118g
- Alimentación: 3 pilas AAA o 5VDC AC

O sensor componse de tres pezas:


- unidade principal.
- soporte de fixación.
- soporte de fixación articulado.

6.1.2. Vistas.

Vista frontal:




Vista lateral:



6.1.3. Instalación: onde se coloca o sensor?

É importante colocar o sensor (atornillado, pegado ou apoiado sobre unha parede ou unha estrutura) a unha altura mínima de 2,10 metros e a unha altura máxima de 2,5 metros.

Ademais, o sensor debe ter unha liña de vista clara e sen obstáculos. Desta maneira optimízase o seu alcance.




6.1.4. Como abrir e pechar o sensor?

Para cambiar as pilas ou regular a sensibilidade do sensor é preciso abri-lo.


Para abrir o sensor, vira a unidade principal no sentido contrario ás agullas do reloxo. Tira da cuberta da batería cara a fóra para separar a unidade principal da cuberta da batería.

Para pechalo, volve encaixar a cuberta da batería coa unidade principal e vira a tapa no sentido das agullas do reloxo.



6.1.4.1 Como regular a sensibilidade do sensor?

Na parte interior do sensor, atópase o regulador de sensibilidade. Con este botón podes configurar a súa precisión á hora de rexistrar as medidas.



Para acceder ao botón é necesario abrílo. Se tes dúbidas, consulta o punto “Como abrir e pechar o sensor?”.

6.1.5. Como cambiar as pilas do sensor?

Para cambiar as pilas do sensor é necesario abrílo. Se tes dúbidas, consulta o punto “Como abrir e pechar o sensor?”.

O sensor aliméntase de 3 pilas AAA ou 5VDC AC. Unha vez cambiadas, non é necesario reiniciar o sensor. O sensor acenderase e volverá enviar medidas de maneira regular.





6.1.6. Como reiniciar o sensor?

Para cambiar as pilas do sensor é necesario abrílo. Se tes dúbidas, consulta o punto “Como abrir e pechar o sensor?”.

Unha vez aberto, pulsa o botón de reinicio durante 5 segundos. O led da unidade principal acenderase e comezará a parpadear. O sensor volverá estar activo cando se apague.

Espera a que se apague para pechalo.





6.2. Sensor de apertura de portas.

Este sensor informa dun feito moi simple, se está aberta ou pechada unha porta. Ademais, ten a capacidade de reportar cal é o seu nivel de batería.

O sensor componse de dúas pezas:

- unidade principal.
- unidade remota.

Ademais inclúe na caixa dous tipos distintos de fixacións para colocalo:


- cinta de dobre cara.
- parafusos.

6.2.1. Características.

- Dimensións: 70x26x18 mm
- Peso: 50g
- Alimentación: 2 pilas AAA

6.2.2. Vistas.

Vista frontal:




Vista posterior:



6.2.3. Instalación: onde se coloca o sensor?


Ambas as unidades deben colocarse de tal maneira que se separen cando a porta se abra.



6.2.4. Como abrir e pechar o sensor?

Para cambiar as pilas ou reiniciar o sensor é necesario abrir a unidade principal. En ningún caso é necesario abrir a unidade remota.

Para abrir o sensor hai que premir o botón superior (marcado en vermello na imaxe) e tirar cara a fóra da carcasa da unidade principal. Este botón funciona como un pestillo polo que é importante premelo mentres se está a tirar da carcasa.



Para pechalo basta con unir de novo as dúas partes da unidade principal e presionar.

6.2.5. Como cambiar as pilas do sensor?

Para cambiar as pilas do sensor é necesario abrir a unidade principal. En ningún caso é necesario abrir a unidade remota. Se tes dúbidas, consulta o punto “Como abrir e pechar o sensor”.

O sensor aliméntase de 2 pilas AAA. Unha vez cambiáronse, non é necesario reiniciar o sensor. O sensor acenderase e volverá enviar medidas de maneira regular.

6.2.6. Como reiniciar o sensor?

Para reiniciar o sensor é necesario abrir a unidade principal. Se tes dúbidas, consulta o punto “Como abrir e pechar o sensor?”.

Unha vez aberto, pulsa o botón de reinicio durante 3 segundos. O led da unidade principal acenderase e comezará a parpadear. Espera a que se apague e pecha o sensor.



6.3. Enchufe intelixente.

Este sensor funciona como un interruptor que permite controlar e medir o consumo eléctrico dos electrodomésticos que se conecten a el. Está deseñado para funcionar con calquera tipo de carga máxima a 3500W de potencia.


6.3.1. Características.

- Dimensións: 78,5x55x75,6 mm
- Peso: 110g
- Alimentación: 240VAC, 50/60 Hz

6.3.2. Vistas.


Vista frontal:

Vista posterior:



6.3.3. Instalación: onde se coloca o sensor?


O sensor debe situarse en calquera enchufe no que adoitemos colocar aparellos eléctricos que queiramos acender e apagar de maneira remota ou dos que queiramos saber o consumo eléctrico.



6.3.4. Como se reinicia o sensor?

Para reiniciar o sensor é necesario pulsar o botón de reinicio durante 3 segundos. O led do botón acenderase e comezará a parpadear.

Acabará de reiniciarse cando o led deixe de parpadear.



6.4. Sensor de inundación.


Este sensor é capaz de detectar a presenza accidental de auga, desde pequenas fugas a grandes inundacións. Tamén ten a capacidade de detectar a ausencia de auga, o que o converte nunha peza crave para vixiar acuarios ou fontes.

6.4.1. Características.

- Dimensións: 20x34x79mm
- Alimentación: 2 pilas AAA

6.4.2. Vistas.

Vista frontal:




6.4.3. Instalación: onde se coloca o sensor?

O detector de inundación debe estar ubicado preto da fonte de auga ou lugar que queramos vixiar.

6.4.4. Como abrir e pechar o sensor?

Para cambiar as pilas ou reiniciar o sensor é necesario abrir a batería. En ningún caso é necesario abrir o detector de inundación.

Para abrir o sensor presiona no botón de apertura do sensor e tira da tapa da batería cara a ti.



Para pechalo basta con unir de novo a tapa da batería e a batería e presionar.


6.4.5. Como cambiar as pilas do sensor?

Para cambiar as pilas é necesario abrir a batería. Se tes dúbidas, consulta o punto “Como abrir e pechar o sensor”.

O sensor aliméntase de 2 pilas AAA. Unha vez cambiadas, non é necesario reiniciar o sensor. O sensor acenderase e volverá enviar medidas de maneira regular.

6.4.6. Como se reinicia o sensor?


Para reiniciar o sensor é necesario abrir a unidade principal. Se tes dúbidas, consulta o punto “Como abrir e pechar o sensor?”.



Unha vez aberto, pulsa o botón de reinicio “wake up” durante 20 segundos.

6.5. Sensor de fume.

Este sensor de fume é capaz de detectar fume e sinais de lume antes de que as chamas e a temperatura alcancen un grao significativo. No caso de que haxa lume o sensor emitirá un asubío curto e o seu led principal volverase vermello e parpadeará cada 1,5 segundos.



6.5.1. Características.

- Dimensións: 65x28mm
- Alimentación: 1 pila 3.0V DC

6.5.2. Vistas.

Frontal:




6.5.3. Instalación: onde e se coloca o sensor?

O sensor de fume está deseñado para colocarse en paredes ou teitos nos que non haxa regularmente fume ou vapor de auga.

6.5.4. Como abrir e pechar o sensor?

Para cambiar as pilas do sensor é preciso abrílo. Para abrir o sensor, vira a cuberta da batería no sentido contrario ás agullas do reloxo.

Para pechalo, volve encaixar a cuberta da batería e vira a tapa no sentido das agullas do reloxo.



6.5.5. Como cambiar as pilas do sensor?

Para cambiar a pila é necesario abrir o sensor. Se tes dúbidas, consulta o punto “Como abrir e pechar o sensor”.

O sensor aliméntase de 1 pila 3.0V DC. Unha vez cambiouse, non é necesario reiniciar o sensor. O sensor acenderase e volverá enviar medidas de maneira regular.

6.5.6. Como reiniciar o sensor?

Para reiniciar o sensor é necesario pulsar o botón de reinicio durante 20 segundos.



6.6. Medidor de enerxía.

Instalado no cadro eléctrico, o medidor de enerxía controla o consumo eléctrico da túa casa.

6.6.1. Características.

- Dimensións: 108x67x30 mm
- Alimentación: 240VAC, 50/60 Hz

6.6.2. Vistas.

Vista frontal:



6.6.3. Seguridade.

A instalación eléctrica do medidor no cadro eléctrico soamente pódea facer un electricista autorizado, que teña coñecemento e comprensión dos sistemas eléctricos e de seguridade eléctrica. Se tes calquera problema co medidor, ponte en contacto con **R**. Un dos nosos técnicos revisará a túa instalación.

6.7. Termóstato


Este sensor é capaz de regular a temperatura da calefacción de forma remota.

6.7.1. Características.

- Dimensións: 86 x 86 x 36,25 mm
- Alimentación: 2 pilas AAA
- Rango de temperatura axustable: de 5 ° C a 30 ° C

6.7.2. Vistas.

Vista frontal:




6.7.3. Localización: onde se coloca el sensor?

Este termóstato está homologado para casas e negocios con caldeira que teñan conexión de estado externo (termóstato de control). Substitúese polo dispositivo de parede xa existente.

6.7.4. Como abrir e pechar o sensor?

Para abrir o sensor, desparafúsao e tira da tapa frontal do sensor cara a ti.



Para pechalo basta con colocar a tapa de novo e aparafúsao.


6.7.5. Como cambiar as pilas do sensor?

Para cambiar as pilas é necesario abrir o sensor. Se tes dúbidas, consulta o punto “Como abrir e pechar o sensor?”.

O sensor aliméntase de 2 pilas AAA. Unha vez cambiadas, non é necesario reiniciar o sensor. O sensor acenderase e volverá enviar medidas de maneira regular.

6.7.6. Como se reinicia o sensor?

Para reiniciar o sensor é necesario situar na posición ON, na parte traseira do termóstato, o primeiro interruptor que está á esquerda.



6.7.7. Como cambio a temperatura?

Para fixar a temperatura do termóstato, podes facelo desde o propio equipo ou ben desde a *app/web*.

Para facelo desde o equipo, usa a roda programable.

Para facelo desde a *app/web* consulta o punto “establece a temperatura do termóstato intelixente” deste manual. Ten en conta que cambio de temperatura realizado desde a *app/web* non é inmediato. O equipo pode tardar ata 5 minutos en rexistrar a notificación do cambio. Por iso, durante un tempo, verás temperaturas distintas entre o termóstato instalado e as que se ven na web e na *app*.

6.7.8. Como miro a temperatura real á que está un espazo?

Para mirar a temperatura real rexistrada polo termóstato, preme a roda programable.

6.7.9. Como sei que o termóstato está a funcionar?

Cando o termóstato está en funcionamento, aparecerá a icona dunha chama no visor da temperatura.

6.8. Cámaras.

Podes colocar as cámaras onde ti queiras, por exemplo, podes colocala fronte á porta de casa para saber quen entrou.

As cámaras conéctanse á rede wifi da instalación (tamén se poden conectar cableadas) e envían imaxes ao concentrador a través do router (unhas 2 imaxes por segundo). O concentrador almacena 15 segundos de imaxes, de tal forma que se se produce un evento, como a apertura da porta, o concentrador enviará ao correo electrónico que configures ou ao teu móbil unha gravación cos 15 segundos de imaxes en memoria, máis 15 segundos posteriores ao evento.

6.8.1. Características.

- Dimensións: 108x67x30 mm
- Alimentación: 240VAC, 50/60 Hz

6.8.2. Vistas.

Vista frontal cámara HD:




Vista cámara HD con altofalante:



6.8.3. Como se reinicias as cámaras?

Para reiniciar a cámara é necesario apagala e pulsar o botón de restablecer da parte traseira durante 10 segundos.



6.8.4. Instalación: onde se coloca a cámara?

Ao alimentarse por corrente eléctrica, deben situarse preto dun enchufe. Lembra que debes apuntar a cámara directamente cara á zona que queres ver.

6.9. Cada canto tempo rexistran medidas os sensores e medidores?


*enténdese que un sensor rexistra alertas cando detecta fume ou auga.

	sensor de porta	multisensor 4en1	sensor de inundación	sensor de fume	enchufe intelixente	medidor de cadro
rexistra medidas		cada 8 min			cada 5 min	cada 5 min
rexistra el nivel de batería	cada 24 h	cada 8 min	cada 24 h	cada 6 h	cada 5 min	cada 5 min
rexistra alertas			alerta de inundación	alerta de fume		
rexistra cambios de estado	aberta / pechada	detecta movemento			aceso / apagado	


*enténdese que un sensor cambia de estado cando pasa de estar aceso a apagado e viceversa ou cando pasa de estar aberto a pechado e viceversa.

7. Iconografía de 3ollos R.

7.1. Multisensor 4en1.




7.2. Enchufe intelixente.



7.3. Sensor de porta.




7.4. Medidor de cuadro.



7.5. Sensor de inundación.



7.6. Sensor de fume.



7.7. Mapa de rede.



7.8. Termóstato

